



SER SON. *Monica Mura*

SER SON. **Monica Mura**

Ciclo expositivo *Activar a mirada. Des-ordenar o pensamento*

Idea e proxecto: Sara Donoso






















Sons que traducen esencias

Monica Mura nótrese das interaccións co social desde unha análise centrada nas tradicións, a cultura e as canles que constrúen a historia. Cun profundo compromiso de xénero que traspasa as identidades e amplía o seu discurso desde o íntimo ao común, se algo sobresaie no seu traballo é esa condición curiosa, que cuestiona e se sorprende do seu contexto próximo. As súas linguaxes circundan o performático, traducen e interrogan os corpos, vincúlanse ao vídeo e á fotografía como unha realidade expandida que documenta e sensibiliza a quen mira. Ausculta o sonoro, o intenso e o inadvertido, e conforma espazos de encontro onde a instalación se asocia á memoria e á estrutura de cada lugar. En moitos casos, as súas obras artículanse ao redor do experiencial coma se o intercambio entre vivencias, as súas e as do resto, desen a clave do poder da empatía. Por iso, observalas simula ser a miúdo o preludio dunha percepción crítica da contorna, especialmente cando afecta á cuestión identitaria. Fala dun mundo que celebra e contradí ao mesmo tempo, reflectindo as súas incoherencias desde o activismo pero tamén revelando os afectos. O que sucede coas súas imaxes tréznase ao pulso da vida a modo de pequenos actos indisciplinados cos que deslocalizar o cotián para atopar as súas fisuras. Para actuar como esa greta que creba o ritmo do establecido e tórnao diverso.

No plano visual, o seu traballo experimentou unha evolución cara á sintetización da forma, na que se mantén o simbolismo dunha escala cromática contida entre o negro, o vermello e o dourado. Abandona paulatinamente a figuración en busca da linguaxe da materia, comprendendo a importancia dos propios elementos que conforman as súas obras como potenciais narradoras de historias. Son historias que xorden xeralmente desde o emocional e comezan no autobiográfico, teñen que ver coa infancia, os encontros sensoriais, afectivos e interpersoais para os cales procura fórmulas de interrelación nas que o material ou as decisións de formalización da peza interveñen na súa propia

lectura. Algo así sucede en *Ser son*, proxecto expositivo e de performance realizado especificamente para a Sala Alterarte no que evidencia a transcendencia cultural das máscaras de entroido da provincia de Ourense a través da composición dunha paisaxe sonora resignificada na linguaxe contemporánea. Contando coa complicidade de varios grupos de máscaras da zona, a instalación propónse en forma de diálogo: un diálogo coa tradición, con Galicia, pero tamén con outras comunidades do mundo e, en concreto, co seu lugar de orixe, Cerdeña, en cuxo entroido tamén son características a danza e as marchas de homes ataviados con traxes, máscaras e campás. Así, *Ser son* recolle a testemuña dunha peza anterior, *Sonallas*, na que Monica Mura manexa un cinto de cordas suspendidas con once chocas de ferro orixinais da illa italiana para activar co seu corpo a melodía dese lugar que é a súa casa e as súas raíces. Establecendo un vínculo sensible e cultural, nesta ocasión traslada a súa proposta ao caso galego ao relacionar os diferentes personaxes do entroido da provincia de Ourense a través do leitmotiv do uso das campás nos traxes tradicionais.

Campañas, cascabeis, cinzarras, cinzarros, chocallos, axóuxeres, chocas, chocarelos... son algúns dos elementos que compoñen a instalación, outorgando a cada máscara unha corda dourada. En diálogo directo con cada unha das asociacións ou prestadores, Monica Mura realizou unha interesante investigación de campo coa que recompilar datos sobre os materiais, tamaños, lugar de fabricación, tipos de campás empregadas e persoas que visten as citadas máscaras. Algunhas das conclusións obtidas foron a paulatina perda de fabricación artesanal-local das campás, así como a conversión cara a prácticas máis igualitarias que comezaron a tomar forma ao retomar a súa actividade tras o fin da ditadura¹. A diferenza do que sucede en Cerdeña, a práctica totalidade de máscaras que empregan campás no entroido ourensán son actualmente vestidas tanto por homes coma por mulleres. Mentres os máis veteranos comezaron a incorporar esta modalidade nas últimas

¹ Durante o franquismo, o entroido estivo prohibido por considerar que atentaba contra os bos costumes, ao ser unha festa de raíces pagás.

décadas, as agrupacións con menor traxectoria nacen directamente como grupos mixtos. Resulta, ademais, interesante coñecer o fondo etnográfico dunha práctica que comprende diferentes enfoques sociais. A través de conversas con representantes de cada agrupación, a artista puido coñecer as historias, individuais e colectivas, que activan ano a ano a autenticidade do entroido e que se van fundindo entre xeracións. Descubriu cuestións como a relación entre o tipo de máscara vestida e o poder adquisitivo de quen a porta, escoitando testemuñas que enlazan co relixioso ou coas suspicacias sociais e que atesouran unha memoria en continua evolución.

Eliminando o impacto visual das máscaras para centrarse no seu rexistro sonoro, Monica Mura traslada ao espazo expositivo a musicalidade identitaria de cada lugar. Habilita así unha obra onde a evocación do exterior e do ambiente festivo se adiviñan na miúda intimidade da sala, reforzadas pola sutil gradación de dourados que conforman as cordas coas súas correspondentes campás. A cor dourada sitúa o corpus creativo da artista nunha tradición conectada á arte sacra, á idea de deidade, á evocación do ouro como sistema de poder e transcendencia que, no seu caso, é rescatado desde un novo concepto: o da resiliencia. Ambas as asociacións asúmense con naturalidade coa intención de transitar desde un discurso vinculado aos sistemas de poder dominantes, habitualmente relacionados coa institución eclesiástica, ata a urxencia de devolverlles o poder ás persoas, ás minorías, aos lazos que xorden da comunidade. Esta particular revisitación dos códigos clásicos da arte logra accionar a disolución das xerarquías, producindo unha disociación na lectura tradicional que se resolve desde a sublevación plástica. Simbólica, sintética; mínima pero contundente.

En todas as súas propostas, Monica Mura ofrece unha sorte de resistencia: ao pensamento dominante, ao normativo, ao esquecemento. O esquecemento desencadearía na reestruturación dos relatos sociais. Nese caso, cabería preguntarse a quen corresponde a invención de novas tradicións e desde que perspectiva se elaboraría a súa cons-

trucción. Neste sentido, *Ser son* incíase a modo de investigación do entroido ourensán da cal se deducen, como vimos, certas condutas e evolucións. En Ourense, actualmente atopamos dezaoito máscaras en activo que porten nos seus traxes algún tipo de campá e continúan sendo varias as xeracións que se preocupan pola súa preservación. A artista explora estas formulacións como a orixe da súa obra, co obxectivo de coñecer o contexto do relato que está a piques de construír. Faino para custodiar a memoria, pero tamén para interrogala sen desfacerse da súa capacidade de xuízo. A partir de aí, fíxase no corpo, en todos os corpos, como impulsores do folclore e emprega o seu como vehículo para aglutinar as súas voces. Cando a artista activa os elementos que compoñen a peza e comezan a soar as chocas, chocallos, chocarelos, cinzarras... prodúcese unha especie de exorcismo na nosa percepción, un acto performativo infestado de sufrimento e de deleite. Advírtese a carga de tantos pesos e cordas soportados por un único corpo, a presenza física deses obxectos que insisten en revelar a súa transcendencia mentres son abstraídos cara á levedade da danza. O seu desenvolvemento visual propón unha composición central que encarna a metáfora da tea de araña: irradia cara aos extremos o conxunto de elementos, fíos que modifican e simulan frecuencias, para ceder ao centro o desenvolvemento da acción e sinalar de novo ao corpo como facedor e detonante. Se pechamos os ollos, seguimos percibindo as tensións, os ritmos e as pausas, as vibracións dun ritual no que ensaio e improvisación abrazan as súas diferenzas. O son do entroido, sendo agora *outro* ao activalo desde o prisma da creación contemporánea, mantén a sospeita da súa esencia.

Sara Donoso
Curadora







Sonidos que traducen esencias

Monica Mura se nutre de las interacciones con lo social desde un análisis centrado en las tradiciones, la cultura y los cauces que construyen la historia. Con un profundo compromiso de género que permea las identidades y amplía su discurso desde lo íntimo a lo común, si algo sobresale en su trabajo es esa condición curiosa, que cuestiona y se sorprende de su contexto próximo. Sus lenguajes circundan lo performático, traducen e interrogan los cuerpos, se vinculan al video y la fotografía como una realidad expandida que documenta y sensibiliza a quien mira. Ausculta lo sonoro, lo intenso y lo inadvertido, y conforma espacios de encuentro donde la instalación se asocia a la memoria y la estructura de cada lugar. En muchos casos, sus obras se articulan en torno a lo experiencial como si el intercambio entre vivencias, las suyas y las del resto, dieran la clave del poder de la empatía. Por eso, observarlas simula ser a menudo el preludio de una percepción crítica del entorno, especialmente cuando afecta a la cuestión identitaria. Habla de un mundo que celebra y contradice al mismo tiempo, reflejando sus incoherencias desde el activismo pero también revelando los afectos. Lo que sucede con sus imágenes se trenza al pulso de la vida a modo de pequeños actos indisciplinados con los que deslocalizar lo cotidiano para encontrar sus fisuras. Para actuar como esa grieta que quiebra el ritmo de lo establecido y lo torna diverso.

En el plano visual, su trabajo ha experimentado una evolución hacia la sintetización de la forma, en la que se mantiene el simbolismo de una escala cromática contenida entre el negro, el rojo y el dorado. Abandona paulatinamente la figuración en busca del lenguaje de la materia, comprendiendo la importancia de los propios elementos que conforman sus obras como potenciales narradoras de historias. Son historias que surgen generalmente desde lo emocional y comienzan en lo autobiográfico, tienen que ver con la infancia, los encuentros sensoriales, afectivos e interpersonales para los cuales procura fórmulas de interrelación en las que el material o

las decisiones de formalización de la pieza intervienen en su propia lectura. Algo así sucede en *Ser son*, proyecto expositivo y de performance realizado específicamente para la Sala Alterarte en el que evidencia la transcendencia cultural de las máscaras de carnaval de la provincia de Ourense a través de la composición de un paisaje sonoro resignificado en el lenguaje contemporáneo. Contando con la complicidad de varios grupos de máscaras de la zona, la instalación se propone en forma de diálogo: un diálogo con la tradición, con Galicia, pero también con otras comunidades del mundo y, en concreto, con su lugar de origen, Cerdeña, en cuyo carnaval también son características la danza y las marchas de hombres ataviados con trajes, máscaras y campanas. Así, *Ser son* recoge el testigo de una pieza anterior, *Sonallas*, en la que Monica Mura maneja un cinturón de cuerdas suspendidas con once cencerros de hierro originales de la isla italiana para activar con su cuerpo la melodía de ese lugar que es su casa y sus raíces. Estableciendo un vínculo sensible y cultural, en esta ocasión traslada su propuesta al caso gallego al relacionar los diferentes personajes del entroido de la provincia de Ourense a través del leitmotiv del uso de las campanas en los trajes tradicionales.

Campanillas, cascabeles, cencerros, chocallas, chocallos, axóuxeres, chocas, chocos, esquilas... son algunos de los elementos que componen la instalación, otorgando a cada máscara una cuerda dorada. En diálogo directo con cada una de las asociaciones o prestadores, Monica Mura ha realizado una interesante investigación de campo con la que recopilar datos sobre los materiales, tamaños, lugar de fabricación, tipos de campanas empleadas y personas que visten dichas máscaras. Algunas de las conclusiones obtenidas han sido la paulatina pérdida de fabricación artesanal-local de las campanas, así como la conversión hacia prácticas más igualitarias que comenzaron a tomar forma al retomar su actividad tras el fin de la dictadura¹. A diferencia de lo que sucede en Cerdeña, la práctica totalidad de máscaras que emplean campanas en el carnaval ourensano son actualmente vestidas tanto

¹ Durante el franquismo, el carnaval estuvo prohibido al considerarse que atentaba contra las buenas costumbres, siendo una fiesta de raíces paganas.

por hombres como por mujeres. Mientras los más veteranos han comenzado a incorporar esta modalidad en las últimas décadas, las agrupaciones con menor trayectoria nacen directamente como grupos mixtos. Resulta, además, interesante conocer el trasfondo etnográfico de una práctica que comprende diferentes enfoques sociales. A través de conversaciones con representantes de cada agrupación, la artista ha podido conocer las historias, individuales y colectivas, que activan año a año la autenticidad del entroido y que se van fundiendo entre generaciones, descubriendo cuestiones como la relación entre el tipo de máscara vestida y el poder adquisitivo de quien la porta, escuchando testimonios que enlazan con lo religioso o con las suspicacias sociales y que atesoran una memoria en continua evolución.

Eliminando el impacto visual de las máscaras para centrarse en su registro sonoro, Monica Mura traslada al espacio expositivo la musicalidad identitaria de cada lugar. Habilita así una obra donde la evocación del exterior y del ambiente festivo se adivinan en la menuda intimidad de la sala, reforzadas por la sutil gradación de dorados que conforman las cuerdas con sus correspondientes campanas. El color dorado sitúa el corpus creativo de la artista en una tradición conectada al arte sacro, a la idea de deidad, la evocación del oro como sistema de poder y trascendencia que, en su caso, es rescatado desde un nuevo concepto: el de la resiliencia. Ambas asociaciones se asumen con naturalidad con la intención de transitar desde un discurso vinculado a los sistemas de poder dominantes, habitualmente relacionados con la institución eclesiástica, hasta la urgencia de devolver el poder a las personas; a las minorías, a los lazos que surgen de la comunidad. Esta particular revisitación de los códigos clásicos del arte logra accionar la disolución de las jerarquías, produciendo una disociación en la lectura tradicional que se resuelve desde la sublevación plástica. Simbólica, sintética; mínima pero contundente.

En todas sus propuestas, Monica Mura ofrece una suerte de resistencia: al pensamiento dominante, a lo normativo, al olvido. El olvido desencadenaría

en la reestructuración de los relatos sociales. En ese caso, cabría preguntarse a quién corresponde la invención de nuevas tradiciones y desde qué perspectiva se elaboraría su construcción. En este sentido, *Ser son* se inicia a modo de investigación del entroido ourensano de la cual se deducen, como hemos visto, ciertas conductas y evoluciones. En Ourense, actualmente encontramos 18 máscaras en activo que porten en sus trajes algún tipo de campana y continúan siendo varias las generaciones que se preocupan por su preservación. La artista explora estos planteamientos como el origen de su obra, con el objetivo de conocer el contexto del relato que está a punto de construir. Lo hace para custodiar la memoria, pero también para interrogarla sin deshacerse de su capacidad de juicio. A partir de ahí, se fija en el cuerpo, en todos los cuerpos, como impulsores del folclore y emplea el suyo como vehículo para aglutinar sus voces. Cuando activa los elementos que componen la pieza y comienzan a sonar los cencerros, chocallas, esquilas, chocos... se produce una especie de exorcismo en nuestra percepción, un acto performativo plagado de sufrimiento y deleite. Se advierte la carga de tantos pesos y cuerdas soportados por un único cuerpo, la presencia física de esos objetos que insisten en revelar su transcendencia mientras son abstraídos hacia la levedad de la danza. Su desarrollo visual propone una composición central que encarna la metáfora de la tela de araña: irradia hacia los extremos el conjunto de elementos, hilos que modifican y simulan frecuencias, para ceder al centro el desarrollo de la acción y señalar de nuevo al cuerpo como hacedor y detonante. Si cerramos los ojos, seguimos percibiendo las tensiones, los ritmos y las pausas, las vibraciones de un ritual en el que ensayo e improvisación abrazan sus diferencias. El sonido del entroido, siendo ahora otro al activarlo desde el prisma de la creación contemporánea, mantiene la sospecha de su esencia.

Sara Donoso
Curadora







Biografía

Artista interdisciplinaria, performer e activista. Doutora en D.A.M.S. (Discipline dell'Arte, della Musica e dello Spettacolo, Università degli studi di Torino). É membro de MAV, A Colectiva e Womarts. Foi seleccionada en convocatorias entre España, Italia, Portugal, Bélxica, Dubái, Ecuador e Arxentina, recibindo recoñecementos, premios, bolsas e residencias. Foi elixida como artista polo Museo Thyssen-Bornemisza de Madrid para formar parte de Nos+Otras:_en_Red (Mención de Honor VIII Premio Iberoamericano de Educación e Museos).

Levou a cabo as súas accións e expuxo en espazos clave da arte contemporánea e en institucións de prestixio como: Museo Nacional Thyssen-Bornemisza, CGAC. Centro Galego de Arte Contemporánea, Museo Centro Gaiás Cidade da Cultura, Festival C, MAC Museo de Arte Contemporánea da Coruña, Museo de Pontevedra, Sala Dogana-Palazzo Ducale, Palazzo Grillo Xénova, XX Bienal De Arte de Cerveira, Museu José Malhoa de Caldas da Raiña, MIAAnywhere etc. A súa obra forma parte de coleccións públicas e privadas como os fondos do Museo Provincial de Lugo e os do MAC Florencio de la Fuente. O seu traballo foi presentado en festivais, feiras, seminarios e congresos. Ademais foi publicado en artigos de crítica, libros, teses de investigación e catálogos de Arte, e foron retransmitidos en programas especializados como ZigZag de TVG e La aventura del saber: LaBolsa de TVE.


Artista interdisciplinaria, performer y activista. Doctora en D.A.M.S. (Discipline dell'Arte, della Musica e dello Spettacolo, Universidad degli studi di Torino). Es miembro de MAV, A Colectiva y Womarts. Ha sido seleccionada en convocatorias en España, Italia, Portugal, Bélgica, Dubái, Ecuador y Argentina, recibiendo reconocimientos, premios, becas y residencias. Fue elegida como artista por el Museo Thyssen-Bornemisza de Madrid para formar parte de Nos+Otras:_en_Red (Mención de Honor VIII Premio Iberoamericano de Educación y Museos).

Ha llevado a cabo sus acciones y expuesto en espacios clave del arte contemporáneo e instituciones de prestigio como el Museo Nacional Thyssen-Bornemisza, CGAC. Centro Galego de Arte Contemporánea, Museo Centro Gaiás Cidade da Cultura, Festival C, MAC Museo de Arte Contemporánea da Coruña, Museo de Pontevedra, Sala Dogana-Palazzo Ducale, Palazzo Grillo Xénova, XX Bienal De Arte de Cerveira, Museu José Malhoa de Caldas da Raiña, MIAAnywhere, entre otros. Su obra forma parte de colecciones públicas y privadas como los fondos del Museo Provincial de Lugo y del MAC Florencio de la Fuente. Su trabajo ha sido presentado en festivales, ferias, seminarios y congresos. Además, ha sido publicado en artículos de crítica, libros, tesis de investigación y catálogos de arte, y ha sido transmitido en programas especializados como ZigZag de TVG y La aventura del saber: La Bolsa de TVE.

Ciclo expositivo

activar a mirada, des◆ordenar ■ pensament◆

ORGANIZA
Vicerreitoría do
Campus de Ourense-Campus Auga
Universidade de Vigo

PATROCINA
..........
DEPUTACIÓN
OURENSE **Universidade de Vigo**

Vicerreitora do Campus de Ourense
María Esther de Blas Varela

Xestor de actividades Culturais
Filemón Rivas Conde

Idea e proxecto
Activar a mirada. Des-ordenar o pensamento
Sara Donoso

EXPOSICIÓN

Sala Alterarte
do 8 de febreiro ao 7 de abril de 2022

Curadora
Sara Donoso

Coordinación
Filemón Rivas Conde

Montaxe
Pedro Dorrego

Colaboraron na exposición*:
BONITAS de Sande
BOTEIROS de Viana do Bolo
BOTEIROS de Vilaríño de Conso
CABREIROS de Muíños
CHOCALLEIROS de Vilardevós
CIGARRÓNS de Verín
FELOS de Esgos
FELOS de Maceda
FOLLATEIROS de Lobios
OS LABARDEIROS e AS SEÑORITAS de Mugares
MÁZCARA de Buxán en O Bolo
MÁZCARA de Manzaneda
PANTALLAS de Xinzo de Limia
PELIQUEIROS de Laza
PITAS de As Eiroás
TROTEIROS de Bande
VELLARÓNS de Riós
VERGALLEIROS de Sarreaus

*Máscaras en activo que empregan campás
na provincia de Ourense.

CATÁLOGO

Edita
Universidade de Vigo

Coordinación e texto
Sara Donoso

Dirección editorial e deseño
disigna edenia SL
www.edenia.org
para Difusora de Letras, Artes e Ideas
www.difusora.org

© Das fotografías de sala e de obra non fotográfica
Alba Vázquez Carpentier e Monica Mura [portada e
performance]

1ª edición, 300 exemplares, xullo de 2023

ISBN: 978-84-8158-993-1

Dep. Legal: VG 724-2023

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-Campus Auga

Universidade de Vigo

